

5

Apenas uns centos ou miles desas persoas acosadas, logran sortear ás policía fronteirizas, pagar aos traficantes a “peaxe establecida”, subirse a unha pateira e lanzarse a unha navegación incerta cara a costas españolas, maltesas, italianas ou gregas. Para evitalo, a UE lanzou en 2015 a Operación Sofia, co obxectivo aparente de “combater as redes de tráfico de persoas en Libia”, pero non na procura e o posterior rescate de quen atravesara o Mediterráneo.

RESULTADO: Os traficantes de migrantes, substituíron os pequenos barcos, que transportaban de media unhas 800 persoas, por precarias lanchas de goma con capacidade de trasladar a unhas 100, as que cobraban de 350 a 800 dólares. As morte por naufraxio dispáranse.

Segundo ACNUR, en 2018 e o primeiro semestre de 2019, ao menos 3.500 persoas pereceron afogadas intentando atravesar o Mediterráneo. A ruta cara España foi particularmente perigosa. Ao menos 1020 persoas morreron ou desapareceron durante 2018 e o primeiro cuadrimestre de de 2019 (é dicir, no período posterior ao escénico dos 600 inmigrantes do Aquarius, executado polo goberno de Pedro Sánchez). De eles, 823 morreron na ruta do Mar de Alborán, outros 23 no cruce do Estreito de Xibraltar e o resto na ruta canaria.